

# A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN  
GALEGA DE  
PENSAMENTO  
CRÍTICO

108

2018

Maio | Xuño | Xullo | Agosto

## EDITORIAL

7 POLÍTICA UNIVERSITARIA E GALEGUIZACIÓN NAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE VIGO: AS ELECCIÓNS A REITOR EN ABRIL DO 2018

—

## CUESTIÓNS

15 OS MESTRES MORTOS *Narciso de Gabriel*

35 APROXIMACIÓNS Ó PODER DOS MEDIOS

*Des Freedman*

69 NATUREZA E VULNERABILIDADE: A DISPUTA ECOLÓXICA *Alexandre Cendón González*

—

## ACOUTACIÓNS

85 SENLLEIROS E ESQUECIDOS. PASEOS E PASEANTES NOCTURNOS NA TERRA DE CELANOVA DENDE O VERÁN DO 36 *Xoán Carlos Domínguez Alberte*

101 ACTUALIDADE DE ANTONIO GRAMSCI

*Manuel A. Fortes Torres*

119 A BRIGADA POLÍTICO-SOCIAL DENTRO DA UNIVERSIDADE FRANQUISTA (SETEMBRO DE 1965) E UNHA REFERENCIA Á A.C. O GALO *Francisco Xavier Redondo Abal*

—

## TEXTOS

135 O ENTREMÉS GALLEGO DE SALVADOR FRANCISCO ROEL *Julio I. González Montañés*

139 O ENTREMÉS GALLEGO (CA. 1708-1712): UNHA DESCUBERTA EXTRAORDINARIA *Anxo Angueira*

—

## PUBLICACIÓNS

157 LA ÉGLOGA DE VIRGINE DEIPARA: ESTUDIO Y EDICIÓN *Julio I. González Montañés*

—

## CRÓNICA

165 NA ENTREGA DO PREMIO CLARA CAMPOAMOR *Chus Pato*

171 ALTURAS DE MARCOSENDE *X. L. Méndez Ferrín*

### O ENTREMÉS GALLEGO DE SALVADOR FRANCISCO ROEL

---

Julio I. González Montañés

Durante moito tempo, o *Entremés famoso sobre la pesca del río Miño* (1671) foi considerado como a partida de nacemento do teatro galego e como unha obra illada, unha excepción no panorama literario e teatral dos *Séculos Escuros*. Porén, nas dúas últimas décadas apareceron novos textos e testemuños que debuxan un escenario completamente diferente, caracterizado pola continuidade.

No campo do teatro, temos probas da utilización do galego nas representacións dos xesuítas desde 1581 (*Egloga de Virgine Deipara* de Monterrei). Na *Comedia de la invención de la sortija* (Monforte, 1594), o seu autor xesuíta incluíu un *paso* ou semientremés de 52 versos en galego. Quizá sexa xesuíta, e está escrito integramente en galego, o *Entremés de los gallegos* (ca. 1640, BnE, MSS. 15403), e tamén o é con case total seguridade o *Entremés del portugués* (ca. 1710) maioritariamente en galego/portugués, castelán e francés macarrónico. Este último é obra probablemente do xesuíta de Quiroga P. Luís de Losada e Prada, autor así mesmo dunha *Loa a la dedicación del nuevo camarín de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> de las Hermitas* (1729), na que se inclúen tres cuartetas en galego.



En galego redactáronse tamén os fragmentarios *Diálogo de Alberte e Bieito* (1595-96) e *Entremés de Toribio* (ca. 1700), e en castelán temos abundantes noticias —e algúns textos compostos en Galicia— que proban a existencia de representacións teatrais nos séculos XVII e XVIII, tanto nos Colexios dos xesuítas e dos bieitos como na Universidade e tamén a cargo dos gremios, de estudantes, ou de compañías semiprofesionais locais nas *Festas* cidadás, todas elas á marxe das numerosas actuacións coñecidas de compañías profesionais castelás.<sup>1</sup>

Neste contexto, resulta de gran interese o *Entremés gallego* do coruñés Salvador Francisco Roel (1707), xa que é o primeiro texto autónomo conservado impreso en galego, un século anterior ao máis antigo ata agora coñecido, e, por tanto, tamén a primeira obra teatral en galego impresa en Galicia. Estampouna en Santiago de Compostela, cara a 1708-1712, Benito Antonio Frayz para o editor Jacinto do Canto co seguinte título: *Entremés gallego, que compuso Salvador Francisco Roel, Natural de la Coruña, al feliz, y Real parto de nuestra Reyna, (que Dios guarde) luego que llegó la noticia. Sacalo ahora à luz un Amigo del Autor. Con licencia. En Santiago: Por Jacinto del Canto, en la Imprenta del Doctor Don Benito Antonio Frayz*. Conservouse nun exemplar incluído ao final dun volume facticio de pezas teatrais soltas, reunidas baixo unha portada para a súa venda por un libreiro madrileño baixo o título de *Jardín ameno de varias y hermosas flores : cuyos matizes, son doze comedias escogidas de los mejores ingenios de España... parte única*, Madrid, 1712 (*Biblioteca Nacional*: sig. TI/120, n° 12).

O *Entremés* representouse na Coruña en setembro de 1707, no curso dos tres días de festexos organizados para celebrar o nacemento do príncipe Luís, fillo de Felipe V, probablemente no intermedio dunha obra maior da que non temos máis noticias, xa que a relación impresa das *Festas*, obra tamén de Salvador Roel, está en paradoiro descoñecido ou perdeuse definitivamente (*Fiestas, que hizo la nobilissima, y siempre leal ciudad de la Coruña al real, y felicissimo nacimiento de nuestro Principe... Cuya noticia llegó à esta ciudad el día 30 de agosto, de este año de 1707...*, Santiago de Compostela, Jacinto del Canto, 1707. Existiu un exemplar ata 1842 na biblioteca francesa de Mr. Alexandre Martineau de Soleinne).

A súplica final no *Entremés a Miña Virxe do Portale*, leva a pensar que podería telo representado o gremio de zapateiros, xa que a Virxe coruñesa do Portal era a patroa da súa confraría. Tales representacións teatrais a cargo de veciños están abundantemente documentadas en Galicia no século XVIII, época na que escasean as noticias sobre actuacións de compañías castelás, e no mesmo mes de setembro de 1707 temos noticias de representacións gremiais noutras cidades galegas co gallo do nacemento do príncipe Luís.

1 Véxase a miña base de datos na internet: <http://representaciones.teatroengalicia.es>.

En Ourense, por exemplo, representáronse catro comedias españolas famosas (de Moreto, Calderón e Villegas), unhas espectaculares *Historias de la Guerra de Sucesión* e unha *Loa a Felipe V y el príncipe Luis*, en castelán e composta para a ocasión. É obra probablemente do P. Luís de Losada, autor tamén probable dos versos en galego á *Virxe de Reza* presentados ao certame literario convocado en honra do príncipe e atribuídos tradicionalmente a José Noguero e Camba (*El Clarín de la fama y cithara de Apolo...* [Diego de Cossio y Bustamante / Joseph Antonio Butrón y Múxica], Santiago, Imp. de Antonio de Aldemunde, 1708).

En Pontevedra os gremios representaron comedias de Calderón e *Historias* como a de *Joseph vendido* ou a *Historia de la reina sultana*; en Santiago constan tamén as “*máscaras, mojigangas y juegos*” que fixeron os gremios, para os cales se levantou un escenario na Quintana, e en Vigo, onde xa se tiña celebrado o “*preñasgo de Nuestra Reyna*”, houbo así mesmo festas polo “*felix subsego del parto*”.

Tal profusión de festas e representacións hai que poñela en relación cunha campaña de propaganda felipista no contexto da Guerra de Sucesión. En abril tivera lugar a importante vitoria de Almansa, e o nacemento dun herdeiro consolidaba a posición de Felipe V, sendo unha ocasión perfecta para despregar recursos festivos e teatrais que contribuísen a galvanizar as vontades en tempo de guerra, identificando os inimigos da monarquía borbónica como herexes e inimigos da Fe, e acusando a Portugal de apoiar as súas accións.

Isto era probablemente necesario en Galicia, xa que desde a entrada de Portugal no conflito houbo algunhas manifestacións austracistas, e as cargas impositivas da guerra, as levas, a ameaza naval inglesa e as escaramuzas cos portugueses na raia xeraron certo descontento na poboación. Incluso algunhas autoridades manifestaron o seu desgusto, porque os custos da maquinaria de guerra afectaron a facenda das entidades locais, e quizá as xenerosas ofrendas de comida e bebida que os personaxes do *Entremés* de Roel prometen levar ao *Miniño* real, *antes co inverno veña*, servisen para recordarlle á poboación a necesidade de contribuír cos *utensilios* ao esforzo de guerra.